

GREGO I

1º BACHARELATO

Curso 2018-19

<u>Índice</u>	<u>Páxina</u>
1. Obxectivos.....	3
2. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.....	4
3. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.....	14
4. Proceso de mellora continua: cambios metodolóxicos en relación ao curso que remata.....	18
5. Actividades extraescolares e complementarias.....	18

1. OBXECTIVOS

A materia de Grego no Bacharelato debe proporcionar ao alumnado unha base lingüística e cultural que lle facilite a orientación e o acceso ás carreiras de Humanidades. Por outra banda, debe contribuír á madurez persoal mediante o desenvolvemento das calidades que potencia o humanismo grego, como son o espírito crítico, a curiosidade intelectual, a autorreflexión etc.

Os obxectivos xerais da materia, propostos xa na programación correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia, pódense contextualizar nos seguintes enunciados:

1. Coñecer e comprender o significado dos principais temas cotiáns que conforman a vida individual e social dos antigos gregos a partir de textos e representacións plásticas.
2. Relacionar estes temas co mundo actual.
3. Achegarse aos principais mitos gregos e ás súas pegadas.
4. Coñecer e usar os principais elementos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos da lingua grega.
5. Dominar un vocabulario básico que permita acceder a textos clásicos e á identificación dos helenismos do vocabulario actual.
6. Aplicar correctamente as normas fundamentais da transcripción.
7. Traducir frases e textos gregos dunha dificultade adecuada.
8. Coñecer a cultura e a civilización grega a partir dos testemuños literarios e artísticos para unha mellor comprensión do pensamento político, social e cultural de Occidente.
9. Plasmar a persistencia do mundo grego, especialmente na cultura galega.
10. Coñecer e manexar bibliografía adecuada aos temas culturais.
11. Aprender a facer traballos mediante busca documental de forma individual e colectiva.
12. Dar resposta aos distintos niveis de aprendizaxe dos alumnos

2. CONTIDOS. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Grego 1.º Bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
PRIMEIRO TRIMESTRE			
Tema 1. <i>A lingua grega</i>			
2 4 5 6	.T1.1 O indoeuropeo	.T1.1 Coñecer as principais familias lingüísticas e localizalas no mapa	GR1T1.1.1 Explica o concepto de ide e reflexiona sobre a gramática comparada. GR1T1.1.2 Coñece e localiza nun mapa as familias de linguas ides.
	.T1.2 Orixe do alfabeto e breve historia da lingua grega.	.T1.2 Coñecer a orixe e evolución do alfabeto grego e a historia da lingua grega. Enumerar os dialectos. Usar frases de saúdo en grego moderno.	GR1T1.2.1 Explica a orixe e evolución do alfabeto grego a partir do fenicio. GR1T1.2.2 Distingue as etapas da lingua grega, desde o micénico ao grego moderno, e distingue o silabario micénico “Lineal B”. GR1T1.2.3 Recoñece os principais dialectos do grego antigo e sitúaos nun mapa. GR1T1.2.4 Utiliza frases sinxelas de presentación en grego moderno
	.T1.3 O alfabeto	.T1.3 Coñecer o nome, as grafías e signos	GR1T1.3.1 Recoñece as letras do alfabeto, na súa forma minúscula e

		ortográficos do grego.	maiúscula. GR1T1.3.2 Escribe e le con corrección caracteres gregos. GR1T1.3.3 Identifica, escribe e pronuncia correctamente os acentos, espíritos e outros signos ortográficos do grego.
	.T1.4 Clasificación e transcripción dos fonemas	.T1.4 Clasificar os fonemas da lingua grega e transcribir palabras do grego ao galego.	GR1T1.4.1 Distingue e clasifica as consoantes e vogais polo punto e modo de articulación. GR1T1.4.2 Transcribe ao galego correctamente os caracteres e signos gregos.
Tema 2: Sistema nominal e verbal I			
4 5 6 7 12	.T2.1 Valor e uso dos casos (I)	.T2.1 Comprender o concepto de lingua flexiva e coñecer o nome e as funcións básicas dos casos.	GR1T2.1.1 Comprende o concepto de flexión nominal e distingue as palabras flexivas das non flexivas. GR1T2.1.2 Nomea os cinco casos da lingua grega e identifica as súas funcións sintácticas básicas. GR1T2.1.3 Constrúe frases en diversas linguas nas que se usen esas funcións sintácticas básicas.
	.T2.2 O artigo	.T2.2 Coñecer a natureza do artigo ó, ἡ, τό, e reproducilo por escrito e oralmente.	GR1T2.2.1 Comprende a natureza e os usos do artigo. GR1T2.2.2 Reproduce o artigo oralmente e por escrito como medio de facilitar a aprendizaxe posterior das declinacións. GR1T2.2.3 Resolve sinxelos exercicios co artigo.
	.T2.3 Os temas en -α (1. ^a declinación). Vocabulario	.T2.3 Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en -α e o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases sinxelas.	GR1T2.3.1 Comprende os diferentes temas femininos e masculinos da 1. ^a declinación. GR1T2.3.2 Comprende o concepto de enunciado dun substantivo. GR1T2.3.3 Fai a análise morfolóxica de palabras desta declinación. GR1T2.3.4 Usa con soltura o vocabulario básico desta declinación e transcribe palabras como medio de facilitar a procura dos helenismos máis comúns derivados do mesmo. GR1T2.3.5 Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases sinxelas gregas con este vocabulario. GR1T2.3.6 Fai a análise sintáctica e a tradución ao grego de frases sinxelas galegas con este vocabulario.
	.T2.4 Os temas en -ο (2. ^a declinación).	.T2.4 Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en	GR1T2.4.1 Comprende os diferentes temas animados e inanimados da 2. ^a declinación.

	<p>Vocabulario</p>	<p>-o e o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases sinxelas</p>	<p>GR1T2.4.2 Comprende o concepto de animado e a importancia dos determinantes para distinguir un masculino dun feminino da 2.^a. GR1T2.4.3 Comprende o concepto de neutro e a súa diferenciación dos masculinos nos casos rectos. GR1B2.4.4 Fai a análise morfolóxica de palabras desta declinación. GR1T2.4.5 Usa con soltura o vocabulario básico desta declinación e transcribe palabras como medio de facilitar a procura dos helenismos máis comúns derivados do mesmo. GR1T2.4.6 Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases sinxelas gregas con este vocabulario. GR1T2.4.7 Fai a análise sintáctica e a tradución ao grego de frases sinxelas galegas con este vocabulario.</p>
	<p>.T2.5 Introdución á flexión verbal grega. O modo indicativo activo de λύω e εἰμί. Vocabulario.</p>	<p>.T2.5 Comprender o concepto de conjugación e recoñecer as diferentes persoas, separando os compoñentes dos tempos de indicativo activo dun verbo regular. Recoñecer o presente e imperfecto do verbo εἰμί. Utilizar o vocabulario básico de verbos de máxima frecuencia e relacionalo con substantivos vistos, confeccionando fichas de familias léxicas cos helenismos correspondentes. Analizar e traducir frases sinxelas.</p>	<p>GR1T2.5.1 Conxuga o presente, futuro, imperfecto, aoristo, perfecto e pluscuamperfecto de indicativo activo dun verbo como λύω e o presente e imperfecto de εἰμί. GR1T2.5.2 Fai a análise morfolóxica dunha forma verbal nestes tempos, modo e voz, separando os seus compoñentes. GR1T2.5.3 Usa con soltura o vocabulario básico dos principais verbos temáticos, relacionándoo con substantivos xa vistos, e deduce os helenismos máis comúns derivados do mesmo. GR1T2.5.4 Coñece e distingue nas frases os usos semánticos de εἰμί. GR1T2.5.5 Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases sinxelas gregas con este vocabulario. GR1T2.5.6 Fai a análise sintáctica e a tradución ao grego de frases sinxelas galegas con este vocabulario.</p>
	<p>.T2.6 O adxectivo: 1.^a clase. Vocabulario.</p>	<p>.T2.6 Comprender o concepto de adxectivo de 3 e 2 terminacións da 1.^a clase, coñecer os seus diferentes enunciados e o vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases sinxelas. Confeccionar fichas coas familias léxicas e os helenismos vistos.</p>	<p>GR1T2.6.1 Comprende o concepto de adxectivo da 1.^a clase e distingue o enunciado e a declinación dun adxectivo de 3 terminacións de un de 2 terminacións. GR1T2.6.2 Declina sintagmas compostas por artigo + adxectivo + substantivo. GR1T2.6.3 Usa con soltura o vocabulario básico dos principais adxectivos da 1.^a clase e transcribe palabras como medio de facilitar a procura dos helenismos máis comúns</p>

			<p>derivados do mesmo.</p> <p>GR1T2.6.4 Constrúe con este vocabulario básico familias léxicas gregas relacionándoo con substantivos e verbos xa vistos</p> <p>GR1T2.6.5 Fai a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases sinxelas gregas con este vocabulario, así como tradución inversa.</p>
	.T2.7 Os demostrativos	.T2.7 Recoñecer os demostrativos ὅδε, οὗτος e ἐκεῖνος en sintagmas e frases sinxelas.	<p>GR1T2.7.1 Recoñece diversas formas dos demostrativos en sinxelos sintagmas nominais.</p> <p>GR1T2.7.2 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases sinxelas con demostrativos.</p>
	.T2.8 As preposicións I	.T2.8 Comprender o concepto de sintagma con preposición e identificar os C.C. de lugar e o uso das preposicións nos verbos compostos. Deducir helenismos	<p>GR1T2.8.1 Comprende o concepto de sintagma preposicional, identifica sintagmas coas preposicións ἐν, ἐκ, ἀπό, εἰς, πρὸς, ἀνά, κατά e deduce helenismos.</p> <p>GR1T2.8.2 Comprende o concepto de verbo composto e deduce o seu significado a partir do verbo simple + a preposición.</p> <p>GR1T2.8.3 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases sinxelas con sintagmas preposicionais e verbos compostos.</p>
Tema 3: A civilización grega I			
1 2 3 5 8 9 10 11 12	.T3.1 O amor. Eros	.T3.1 Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relativo ao tema do amor. Elaborar unha presentación e exposición oral sobre o tema.	<p>GR1T3.1.1 Le e comenta textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema do amor no mundo cotián e mitolóxico.</p> <p>GR1T3.1.2 Observa e interpreta imaxes artísticas gregas.</p> <p>GR1T3.1.3 Identifica as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e elabora un traballo para expoñer na aula.</p>
	.T3.2 O mar. Poseidón. Creta e a cultura minoica.	.T3.2 Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relativo ao tema do mar e a cultura minoica, e identificar as pegadas na cultura occidental. Elaborar unha presentación e exposición oral sobre o tema.	<p>GR1T3.2.1 Le e comenta textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema do mar no mundo cotián e mitolóxico.</p> <p>GR1T3.2.2 Observa e interpreta imaxes artísticas gregas sobre o mar e a civilización cretense.</p> <p>GR1T3.2.3 Identifica as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e elabora un traballo para expoñer na aula.</p>
	.T3.3	.T3.3 Recoñecer en textos	GR1T3.3.1 Le e comenta textos

	A morte. Hades. Micenas e a cultura micénica	e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián mitolóxico relativo ao tema da morte e a cultura micénica, e identificar as pegadas na cultura occidental. Elaborar unha presentación e exposición oral sobre o tema.	traducidos de autores clásicos alusivos ao tema da morte no mundo cotián e mitolóxico. GR1T3.3.2 Observa e interpreta imaxes artísticas gregas sobre a morte e a civilización micénica. GR1T3.3.3 Identifica as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e elabora un traballo para expoñer na aula.
--	--	---	---

SEGUNDO TRIMESTRE
Temas 4: *Sistema nominal e verbal II*

4 5 6 7 9 12	.T4.1 Os pronomes persoais e de $\omega\rho\tau\omega\upsilon$.	.T4.1 Recoñecer formas de pronomes persoais e de $\omega\rho\tau\omega\upsilon$ en frases sinxelas, analízalas morfoloxicamente e tradúcelas.	GR1T4.1.1 Recoñece diversas formas dos pronomes persoais e de $\omega\rho\tau\omega\upsilon$ e analízalas morfoloxicamente. GR1T4.1.2 Fai a análise sintáctica, traduce directa ou inversamente frases sinxelas con eles e deduce helenismos.
	.T4.2 Valor e uso dos casos (II): o dobre acusativo.	.T4.2 Comprender o concepto de dobre acusativo e recoñecer os verbos que necesitan dous acusativos para expresar o seu significado.	GR1T4.2.1 Recoñece a función de dobre acusativo, e distingue os verbos máis frecuentes que rexen dous acusativos (persoa e cousa) dos que rexen un CD e un predicativo, e reflexiona coas diferencias sintácticas deses verbos noutras linguas. GR1T4.2.2 Constrúe frases en diversas linguas nas que se usen eses verbos. GR1T4.2.3 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases sinxelas con dobre acusativo.
	.T4.3 Valor e uso dos casos (III): a posesión e o dativo posesivo.	.T4.3 Comprender como se expresa a posesión en grego.	GR1T4.3.1 Recoñece a expresión da posesión cos pronomes persoais en xenitivo e dativo. GR1T4.3.2 Distingue a posesión do dativo posesivo q indica a persoa que ten algo a súa disposición.
	.T4.4 As preposicións (II): $\acute{\epsilon}\pi\acute{\iota}$, $\upsilon\pi\acute{\epsilon}\rho$, $\upsilon\pi\acute{o}$, $\pi\alpha\rho\acute{\alpha}$, $\pi\epsilon\rho\acute{\iota}$.	.T4.4 Identificar nas frases C.C. e verbos compostos con estas preposicións. Deducir helenismos	GR1T4.4.1 Identifica os sintagmas coas preposicións $\acute{\epsilon}\pi\acute{\iota}$, $\upsilon\pi\acute{\epsilon}\rho$, $\upsilon\pi\acute{o}$, $\pi\alpha\rho\acute{\alpha}$, $\pi\epsilon\rho\acute{\iota}$ e deduce helenismos. GR1T4.4.2 Deduce o significado dos verbos compostos con estas preposicións. GR1T4.4.3 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases

			sinxelas con estes sintagmas e verbos compostos.
.T4.5 O infinitivo (I)	.T4.5 Recoñecer o infinitivo presente activo de λύω e εἰμί Traducir frases con infinitivo concertado.		<p>GR1T4.5.1 Recoñece o sufixo -ειν de formación do infinitivo presente activo dos verbos temáticos e o infinitivo activo de εἰμί.</p> <p>GR1T4.5.2 Comprende o concepto de oración subordinada substantiva e de infinitivo concertado, e relaciónao co latín, o galego e o inglés.</p> <p>GR1T4.5.3 Fai a análise sintáctica e traduce directa e inversamente frases con infinitivo concertado.</p> <p>GR1T4.5.4 Comeza a traducir textos sinxelos curtos.</p>
.T4.6 A 3. ^a declinación. Os temas en oclusiva. Vocabulario	.T4.6 Recoñecer as desinencias da 3. ^a declinación nos temas en consoante oclusiva e o seu vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases sinxelas.		<p>GR1T4.6.1 Recoñece diferentes enunciados desta declinación.</p> <p>GR1T4.6.2 Declina temas en oclusiva e fai a análise morfolóxica de palabras en labial, gutural e dental.</p> <p>GR1T4.6.3 Usa o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns.</p> <p>GR1T4.6.4 Fai a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases sinxelas con este vocabulario.</p>
.T4.7 Os posesivos e os relativos. As oracións subordinadas de relativo	.T4.7 Recoñecer todas as formas de expresar a posesión e identificar os relativos nas frases. Traducir frases subordinadas de relativo		<p>GR1T4.7.1 Distingue todas as formas de expresar a posesión en diferentes sintagmas.</p> <p>GR1T4.7.2 Comprende o concepto de oración subordinada adxectiva, e aplícao as oracións de relativo.</p> <p>GR1T4.7.3 Comprende o concepto de antecedente do relativo e a súa concordancia.</p> <p>GR1T4.7.4 Fai a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases ou textos con posesivos e relativos.</p>
.T4.8 A voz media e a pasiva: concepto e desinencias. Sintaxe da pasiva	.T4.8 Recoñecer formas verbais en voz media e pasiva e distinguir os seus usos sintácticos. Vocabulario verbal		<p>GR1T4.8.1 Fai a análise morfolóxica dunha forma verbal en calquera tempo e voz do modo indicativo, e separa os seus compoñentes.</p> <p>GR1T4.8.2 Comprende o concepto básico de voz media e identifícao no dicionario.</p> <p>GR1T4.8.3 Comprende o concepto de verbo <i>deponente</i> e usa o vocabulario dos principais verbos medios, deducindo os helenismos.</p> <p>GR1T4.8.4 Recoñece a voz pasiva e o axente, e relaciónao coas linguas coñecidas.</p> <p>GR1T4.8.5 Analiza sintacticamente e traduce directa ou inversamente frases</p>

			con verbos nestas voces.
Tema 5: A civilización grega II			
1 2 3 5 8 9 10 11 12	.T5.1 A muller. Afrodita. Troia e a guerra de Troia	.T5.1 Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relacionado co tema da muller e a guerra de Troia. Ler textos de poesía épica grega: cantos VIII-XII d' <i>A Odisea</i> . Realizar unha lectura escenificada.	GR1T5.1.1 Le e comenta textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema da muller no mundo cotián e mitolóxico e da guerra de Troia. GR1T5.1.2 Observa e interpreta imaxes artísticas gregas sobre a muller, a deusa Afrodita e a guerra de Troia. GR1T5.1.3 Identifica as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e realiza unha lectura escenificada de cinco cantos d' <i>A Odisea</i> .
	.T5.2 O deporte. Hermes. Olimpia e os Xogos Olímpicos	.T5.2 Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relacionado co tema do deporte e os xogos olímpicos. Elaborar unha presentación e exposición oral sobre o tema.	GR1T5.2.1 Le e comenta textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema do deporte no mundo cotián e mitolóxico. GR1T5.2.2 Observa e interpreta imaxes artísticas gregas sobre o deporte, o deus Hermes e os Xogos Olímpicos. GR1T5.2.3 Identifica as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e elabora un traballo para expoñer na aula.
TERCEIRO TRIMESTRE			
Tema 6: Sistema nominal e verbal III			
4 5 6 7 9 12	.T6.1 A 3. ^a declinación. Os temas en soante e -vt. Vocabulario	.T6.1 Recoñecer as desinencias da 3. ^a declinación nos temas en consoante soante e en -vt. e o vocabulario básico. Procurar derivados. Analizar e traducir frases e textos sinxelos. Confeccionar fichas coas familias léxicas e os helenismos vistos.	GR1T6.1.1 Comprende o concepto de alternancia vocálica en lexemas e sufixos, así como o de alargamento compensatorio, e distingue os nominativos alargados dos sigmáticos. GR1T6.1.2 Fai a análise morfolóxica de palabras en líquida, nasal e -vt. GR1T6.1.3 Usa o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns. GR1T6.1.4 Fai a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases sinxelas con este vocabulario.
	.T6.2 Os indefinidos, interrogativos numerais. As oracións interrogativas. Vocabulario	.T6.2 Identificar os determinantes, pronomes indefinidos, interrogativos e numerais en frases e textos.	GR1T6.2.1 Distingue o indefinido τίς do interrogativo τίς. GR1T6.2.2 Recoñece os numerais cardinais do 1 ao 20 e o sufixo de formación dos ordinais. Declina o 1-2-3 e 4. GR1T6.2.3 Coñece o uso das letras como cifras. GR1T6.2.4 Usa o vocabulario básico destes pronomes e procura os

		helenismos máis comúns. GR1T6.2.5 Fai a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases sinxelas con este vocabulario.
.T6.3 Valor e uso dos casos IV: o xenitivo partitivo	.T6.3 Identificar un xenitivo partitivo dun C.N. en frases e textos.	GR1T6.3.1 Distingue do CN do xenitivo cando indica un todo do que se menciona unha parte.
.T6.4 O infinitivo II. As oracións de infinitivo non concertadas.	.T6.4 Recoñecer o infinitivo presente medio e pasivo dun verbo temático. Traducir frases e textos con infinitivos non concertados	GR1T6.4.1 Recoñece o sufixo -σθαι de formación do infinitivo presente medio dos verbos temáticos. GR1T6.4.2 Comprende o concepto de oración subordinada substantiva e de infinitivo concertado e non concertado, e relaciónao co latín, galego e inglés. GR1T6.4.3 Fai a análise sintáctica e traduce directa e inversamente frases e textos con infinitivo non concertado.
.T6.5 As preposicións III: σύν, πρό, μετά e διά,	.T6.5 Identificar nas frases C.C. e verbos compostos con estas preposicións. Deducir helenismos	GR1T6.5.1 Identifica os sintagmas coas preposicións σύν, πρό, μετά e διά, e deduce helenismos. GR1T6.5.2 Deducir o significado dos verbos compostos con estas preposicións. GR1T6.5.3 Diferencia o complemento de compañía do complemento de instrumento. GR1T6.5.4 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases e textos sinxelos con estes sintagmas e verbos compostos.
.T6.6 Os adxectivos de tema en nasal e -ντ e os adxectivos irregulares. Vocabulario	.T6.6 Recoñecer os adxectivos de 3 e 23 e 2 terminacións de tema en nasal e os terminacións en nasal e o adxectivo πᾶς, πᾶσα, πᾶν. Identificar os adxectivos μέγας e πολύς.	GR1T6.6.1 Recoñece os adxectivos de 3 e 23 e 2 terminacións de tema en nasal e as formas de πᾶς, πᾶσα, πᾶν. GR1T6.6.2 Identifica as diversas formas dos adxectivos μέγας e πολύς. GR1T6.6.3 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases e textos sinxelos con estes adxectivos.
.T6.7 Os graos do adxectivo: comparativos superlativos.	.T6.7 Recoñecer os adxectivos enos seus graos positivo, comparativo e superlativo.	GR1T6.7.1 Comprende o concepto de graos do adxectivo así como o concepto de 2.º termo. GR1T6.7.2 Identifica os dous sufixos de formación do comparativo de superioridade e os do superlativo, e as formas máis comúns de expresar o 2.º termo. GR1T6.7.3 Usa as formas máis frecuentes de comparativos e superlativos irregulares e relaciónaas co latín, galego e inglés GR1T6.7.4 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases e textos sinxelos cos graos do adxectivo.
.T6.8	.T6.8 Recoñecer o	GR1T6.8.1 Comprende o concepto de

	Introdución ao participio presente de λύω participio: o participio εἰμί Traducir frases e substantivado e textos de participio concertado. Vocabulario.	adxectivo verbal. GR1T6.8.2 Distingue o uso nominal e verbal do participio GR1T6.8.3 Fai a análise sintáctica e traduce directa ou inversamente frases e textos sinxelos con participios.	
	.T6.9 O aumento e os seus tipos. O aumento nos verbos compostos.	.T6.9 Identificar o aumento en lexemas verbais que comezan por consoante ou por vogal. GR1T6.9.1 Comprende o concepto deste recurso nos tempos pasados do indicativo. GR1T6.9.2 Distingue o aumento silábico do temporal. GR1T6.9.3 Comprende a formación do aumento nos verbos compostos e os cambios que se producen ao incorporar este recurso. GR1T6.9.4 Fai a análise morfolóxica de formas verbais con aumento separando os seus compoñentes.	
Tema 7: A civilización grega III			
1 2 3 5 8 9 10 11 12	.T7.1 A relixión. Apolo e o oráculo de Delfos. Lesbos e a poesía lírica.	.T7.1 Recoñecer en textos e imaxes información vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relacionado co tema da relixión e o oráculo de Delfos. Ler textos de poesía lírica grega. Memorizar poemas e expoñelos na aula	GR1T7.1.1 Le e comenta textos traducidos alusivos ao tema da relixión e o oráculo de Delfos no mundo cotián e mitolóxico, así como unha selección de poemas líricos. GR1T7.1.2 Observa e interpreta imaxes artísticas gregas sobre a relixión, o deus Apolo e o oráculo de Delfos. GR1T7.1.3 Identifica as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e recita algún poema lírico traducido ao galego.
	.T7.2 A guerra e a sociedade espartana. O deus Ares.	.T7.2 Recoñecer en textos e imaxes o mundo cotián e mitolóxico relacionado coa tema da guerra e a sociedade espartana Elaborar unha presentación e exposición oral sobre o tema.	GR1T7.2.1 Le e comenta textos traducidos alusivos ao tema da guerra e a sociedade espartana no mundo cotián e mitolóxico. GR1T7.2.2 Observa e interpreta imaxes artísticas gregas sobre a guerra, o deus Ares e a sociedade espartana. GR1T7.2.3 Identifica as pegadas da cultura grega e expón un traballo na aula.

3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Dentro das competencias clave que o alumno e a alumna deberá acadar ao remate do Bacharelato, a materia de Grego favorece principalmente:

1.- A competencia en comunicación lingüística (CCL) xa que achega destrezas comunicativas e capacidade de comprensión crítica. Para a adquisición desta competencia, o alumnado deberá aprender un vocabulario dunhas 200 palabras gregas e dos helenismos correspondentes, co que se favorece a ampliación e comprensión do vocabulario científico, tecnolóxico e culto. Ademais deberá traducir frases do grego ao galego ou castelán e tradución inversa, do galego ou castelán ao grego; para o cal necesita levar a cabo unha reflexión sobre as estruturas morfosintácticas das dúas linguas, unha comparación de feitos lingüísticos entre o grego e a lingua vehicular e a busca de equivalencias para expresar na lingua propia as mensaxes dos textos gregos.

2.- A competencia de aprender a aprender (CAA) xa que achega habilidades no tratamento dos textos, na realización de esquemas e resumos e na valoración da aprendizaxe como ferramenta social. Para acadar esta competencia o alumnado lerá textos dos que deberá dar conta da súa comprensión; ademais o estudo da materia farase mediante procedementos que sirvan para desenvolver as capacidades de cooperación, creatividade, autoavaliación, manexo de recursos e técnicas de traballo intelectual, capacidades de argumentación, diálogo, superación de novos retos.

3.- A competencia social e cívica (CSC) xa que achega coñecemento das institucións gregas e desenvolvemento dos valores críticos e de análise social. Convén que o alumnado se achegue ao pasado e reflexione sobre el e sobre as súas pegadas para favorecer a competencia de coñecementos e a interacción no mundo coa mirada posta no futuro. A evolución do mundo helénico na antigüidade constitúe un referente para a adaptabilidade a un contorno en constante cambio.

4.- A competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC) xa que achega coñecementos sobre a cultura propia e allea, respecto polas diferenzas e valoración da interculturalidade na nosa sociedade. Nada mellor que o estudo das civilizacións de Grecia e Roma para que o alumnado valore o noso patrimonio cultural e artístico que ten o seu berce nese mundo grecorromano, cuxos logros excederon os límites xeográficos e temporais dentro dos cales foron xestados e aínda persisten en moitos aspectos técnicos, artísticos, literarios e institucionais do mundo actual. Este aspecto favorece a competencia na xestión e o tratamento da información a partir de todo tipo de fontes que se

poden obter mediante a consulta a bibliotecas, a visita a xacementos e museos e a través do manexo das TIC. Para a adquisición desta competencia, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Visualización e comentario na aula de IMAXES de arte, principalmente de obras nas que se vexan reflectidas as pegadas da civilización grega.
- Lectura dunha traxedia grega e asistencia a súa representación no Festival de Teatro grecolatino en Lugo ou na Coruña.

5.- A competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) xa que axuda a desenvolver a autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración do contorno social.

6.- A competencia dixital (CD) xa que incorpora o dominio das novas tecnoloxías, a seguridade na rede e a valoración crítica do seu impacto na sociedade.

Conscientes da importancia que nos tempos actuais están a ter os medios informáticos no ensino, vemos necesario incluír **o uso das TIC** nas clases, como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Débese potenciar o uso do ordenador, o canón e a pizarra dixital nas aulas por parte do profesorado e dos alumnos e das alumnas, así como o uso da Aula Virtual tanto na clase como na casa e doutras plataformas que fomenten o traballo colaborativo.

PROCEDEMENTOS

Os procedementos que haberá que empregar para acadar todas estas competencias serán os seguintes:

- 1) Análise e síntese de textos literarios relacionados coa cultura grega.
- 2) Visión e análise de obras plásticas relacionadas co mundo grego.
- 3) Comparación do mundo grego co actual, en especial co galego.
- 4) Comprobación da incidencia dos mitos na formación de palabras e frases, na literatura e na arte.
- 5) Localización e uso de bibliografía recomendada.
- 6) Localización e uso de páxinas web recomendadas.
- 7) Lectura e escritura en grego.
- 8) Análise dos principais fenómenos fonéticos.
- 9) Análise morfosintáctica de palabras, frases e textos gregos.
- 10) Comparación das estruturas morfosintácticas gregas coas do latín e demais linguas coñecidas.
- 11) Tradución directa e inversa de frases e/ou textos dunha dificultade

- progresiva sen necesidade da axuda de dicionario.
- 12) Tradución directa de textos de dificultade media coa axuda de dicionario.
 - 13) Estudo dun vocabulario básico de "máxima frecuencia".
 - 14) Realización de exercicios de vocabulario nos que o alumno se familiarice coas regras xerais de transcripción, derivación e composición.
 - 15) Dedución de significados a través da relación de palabras da mesma familia léxica.
 - 16) Confección de fichas coas familias léxicas máis produtivas e cos helenismos correspondentes.
 - 17) Busca de significados no vocabulario xeral e/ou en dicionarios.
 - 18) Recompilación de helenismos utilizados en libros de texto de bacharelato ou xornais para un posterior análise e clasificación.
 - 19) Lectura individual de obras literarias traducidas.
 - 20) Comparación de helenismos nas linguas modernas coñecidas.
 - 21) Memorización de poemas ou máximas en versión orixinal ou traducidas.
 - 22) Escenificación ou lectura escenificada dunha obra teatral.
 - 23) Realización individual ou grupal de traballos de investigación sobre temas relativos ao mundo grego.
 - 24) Elaboración de power-points e slides sobre a cultura grega.
 - 25) Exposición oral de traballos.
 - 26) Localización nun mapa de lugares, personaxes, obras artísticas, acontecementos históricos e feitos culturais.

CONTIDOS MÍNIMOS

1. O marco xeográfico da Grecia antiga:
 - Situar no mapa os lugares máis destacados: Creta, Illas Cícladas, Micenas, Troia, Olimpia, Atenas, Esparta, Delfos, Peloponeso, Mar Exeo e Mar Xónico.
2. O marco histórico da Grecia antiga:
 - Coñecer as etapas e acontecementos históricos máis destacados da etapa cretense, micénica, escura e arcaica.
3. Os principais deuses olímpicos e heroes gregos: nome grego e latino, poderes, atributos e epítetos.
4. O alfabeto grego antigo.
5. As tres declinacións:
 - Da 3.^a só os temas en consoante oclusiva, soante e –ντ.
6. O adxectivo. Comparativos e superlativos.

7. Os pronomes gregos máis comúns.
8. As principais preposicións.
9. O modo indicativo dos verbos λύω e εἰμί, en especial o presente e o imperfecto.
10. Tradución de frases sinxelas sen dicionario cun vocabulario de máxima frecuencia.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno debe levarse a cabo por medio dos seguintes instrumentos:

- Observación do traballo diario.
 - Probas específicas.
 - Realización de tarefas puntuais.
- 1) Traballo diario: Labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumno mediante:
 - Preguntas frecuentes na aula.
 - Seguimento do caderno do alumno.
 - Control de asistencia e puntualidade.
 - Observación do grao de participación na clase, na aula virtual e no blog da materia.
 - Valoración da actitude.

Deste xeito o profesor observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes dos alumnos e poderá atendelos axeitadamente.

- 2) Probas específicas: As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade non salvable para o alumno que traballou acotío. Poderán facerse:
 - Probas escritas ou orais.
 - Probas sen previo aviso.
 - Probas fixadas xa de antemán ao principio do trimestre.
 En 1.º de bacharelato as probas constarán de:
 - Análise morfolóxica de varios nomes.
 - Análise morfolóxica de varios verbos.
 - Análise sintáctica e tradución de varias frases.
 - Cuestións relativas ao vocabulario (helenismos).
 - Preguntas dos temas culturais.

- 3) Tarefas puntuais: É importante que o alumnado se achegue á literatura clásica directamente, así como que controle os mecanismos para facer traballos de investigación. Isto só é posible fóra das horas lectivas. Valorarase:
- A puntualidade na data de entrega prevista.
 - A presentación do traballo.
 - A comprensión e síntese do tema motivo do traballo.
 - A elaboración persoal.
 - A exposición oral.
 - A comprensión lectora.
 - O manexo das TIC.
- 4) Probas de lectura: O alumnado lerá obrigatoriamente un libro sobre mitoloxía ou historia de Grecia cada trimestre. Esta lectura será avaliada por medio da realización dun cuestionario sobre temas, personaxes ou situacións que aparezan na obra.

As probas específicas terán un valor máximo do 60 % da nota da avaliación, reservando un 20 % para a parte de cultura, un 10 % para o libro de lectura e un 10% para as tarefas puntuais e o traballo diario.

4. PROCESO DE MELLORA CONTINUA: CAMBIOS METODOLÓXICOS EN RELACIÓN AO CURSO QUE REMATA.

Esta programación será avaliada ao longo do curso nas sucesivas horas de Xefatura do departamento, que terán lugar unha vez á semana, segundo o horario presentado. Na memoria de final de curso serán recollidos e analizados os obxectivos que se puideron cumprir, introducindo as modificacións que algúns deles necesiten para a súa adecuación no curso que vén. Igualmente serán recollidos aqueles obxectivos que non foi posible levar a cabo, analizando as causas e introducindo as rectificacións necesarias nos casos en que sexa posible, ou eliminándoos.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

Segundo trimestre

- Participación no concurso online “Odisea” organizado pola sección galega da Sociedade de Estudos Clásicos.
- Asistencia á representación dunha traxedia grega no Festival de Teatro

Grecolatino, organizado pola mesma entidade, en Lugo ou na Coruña.